

4.MAIO. PRENSA e RADIO. TAREFAS PENDENTES?

PRENSA ESCOLAR. Lembrarvos que tedes prazo ata o **10 de maio** para entregar estes traballos. Hai que editar a **páxina de 5º** de *Sofán News*. Para iso preciso a vosa colaboración...Animaste?

*Redactar unha noticia: xa tedes **algunhas instrucións** no pdf **4.5º.LG Redacta unha noticia** e no pdf **22 ABRIL.PFPP.LER e PARTICIPAR. Non imprimir.**

*A noticia pode facerse en **medio folio ou un cuarto (mellor)**. Se non sabedes/podedes/queredes "pegar" foto , facedes debuxo, emojis, símbolos... pequenas imaxes do que vos apeteza. **A letra moi clara**. Todo isto para que poida "pegar" na páxina do xornal o que me enviades...senón non caben ou non se verían. Como último recurso , escribiría eu coa vosa información...umm?

*Empezades por **DATA, AUTOR-A** (sen apelidos) e logo o **TÍTULO**.

*O **tema** debería representar /explicar o que estades a vivir no **confinamento**: coas familias, cos temas escolares, medos, inquietudes, sorpresas, o que máis botades en falta e o que non, actividades que vos gusta facer...o máis interesante que creades.

*Despois sacades unha **foto** do "traballo" feito e enviádelo **PARA quintogandara@gmail.com** . Comentádeme calquera dúbida polo correo.

Recordade tamén sempre escribir o **ASUNTO** (o que enviades no mail). Neste caso : **NOME 5º SOFÁN NEWS**.

RADIO ESCOLAR. (Tamén instrucións para participar no pdf **22 ABRIL.PFPP.LER e PARTICIPAR. Non imprimir.**)

*Tema...os que xa vos suxerín. A continuación podedes ler algunha idea e algunha suxestión de como empezar

A) Bo día, radioíntes! **O voso NOME** de 5º, ao micro para recomendarvos o libro **TÍTULO** e **AUTOR**. Trata de...

-----**Vouvos ler...un anaco / un parágrafo / o comezo...**

-----Contareivos o que máis me gustou/ me fixo graza/ asustoume...Ou porque o recomendas.

B) Saúdos seguidores e seguidoras de Radio Sofán. **O voso NOME** de 5º con todos e todas vós.

-----Dende a miña casa contarvos que aquí facemos... ou que aquí ás veces sentímonos...e outras...

C) **NOME 5º** , dende a miña casa e Radio Sofán para todos e todas os que esteades a seguirmos...

-----E dicir "TÍTULO, AUTOR-A DO LIBRO E LER A PARTE QUE VOS APETEZA"

LEMBRÁDEVOS TAMÉN DA POESÍA...OU DO TEATRO (se tedes algún ou algunha outra nena ou neno con quen participar ou facedes vós distintas voces...). Se queredes incluso recomendar e falar dalgunha peli (e mercámola para a biblio do cole) . Iso si, fixédevos na idade recomendada.

As mellores ideas seguro que saen das vosas cabeciñas!!!

De novo escribir o **ASUNTO** (o que enviades no correo electrónico). Neste caso : **NOME 5º RADIO SOFÁN**.

Pouco a pouco e amodiño vaise facendo o camiño.

Non esquezades que se o facemos todo ben e cumplimos as normas de seguridade, igual ata podemos vernos nunha xuntanza no verán!!

